CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP PLURILINGÜE"RIBADAVIA"
Rúa do Carballiño, s/n. 32400 RIBADAVIA (Ourense)

Tf: 988 470 239 - Fax: 988 477 242

ceip.ribadavia@edu.xunta.es - http://centros.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA
CURSO: 3º E
SOCIAS, L. CASTELÁ, MATEMÁTICAS, L.GALEGA, NATURAIS
DATA : 11 DE MAIO

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles SOCIAIS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ○ Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais. | ○ Utiliza a Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Internet, blogues, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. |
| ○ Identificar os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa neste. | ○ Describe a localización da Terra no sistema solar. Localiza o Sol no centro do sistema solar e nomea os planetas que o forman. |
| ○ Explicar as características básicas da Terra e os movementos que realiza, identificando os movementos de rotación e translación e as consecuencias deles. | ○ Explica o movemento de rotación terrestre e as súas consecuencias. |
| ○ Nomear e identificar as capas que forman a Terra, describindo algunhas das súas características. | ○ Describe a forma e algunhas características básicas da Terra. Identifica, nomea e describe as capas da Terra, e algunhas das súas características. |
| ○ Describir características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares e as súas consecuencias. | ○ Describe a translación da Lúa e identifica e nomea as fases lunares. |
| ○ Identificar e recoñecer os puntos cardinais, desenvolver | ○ Localiza os puntos cardinais, os polos, o ecuador, os hemisferios e |

| | |
|---|---|
| hábitos de orientación e nocións espaciais básicas, explicando distintas formas de representar a Terra. | o eixe de rotación en globos terráqueos e planisferios. |
| ○ Adquirir unha idea básica do que é un plano e un mapa e dos elementos que adoita conter, valorar a súa importancia para orientarse, explicando o concepto de cartografía e o que representa. | ○ Define plano e asocia planos sinxelos cos obxectos reais representados nel.Identifica símbolos convencionais e interpreta lendas de planos sinxelos. Define mapa e identifica e nomea distintos tipos de mapas explicando que é unha lenda nun mapa e para o que serve. |
| ○ Identificar os gases que forman o aire, explicando algunhas características de cada un deles. | ○ Explica a composición básica do aire e identifícao como elemento indispensable para a vida. |
| ○ Identificar a atmosfera, explicar as súas principais características e a súa estrutura valorando a súa función fundamental de protexer a vida no planeta. | ○ Define atmosfera, coñece como varía esta coa altura e describe feitos e características das capas que se aprecian nela. |
| ○ Identificar e nomear fenómenos atmosféricos, describindo as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións e investigando sobre os principais tipos de contaminación. | ○ Identifica e nomea algúns fenómenos atmosféricos. |

| | |
|---|---|
| ○ Identificar e explicar os estados en que se encontra a auga na natureza e os seus cambios de estado e posición describindo as paisaxes que forman. | ○ Describe os cambios de estado da auga e as súas causas. |
| ○ Valorar a importancia do aire e da auga, desenvolvendo estratexias para reducir ou evitar a súa contaminación e para aforrar auga nas actividades cotiás. | ○ Describe a distribución da auga doce e valora a súa importancia para a vida dos seres vivos. |
| ○ Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen, describindo as súas características principais e valorando a importancia de protexer, coidar e respectar a paisaxe para as futuras xeracións. | ○ Define paisaxe e identifica os elementos da paisaxe describindo as súas características principais. Identifica e describe formas típicas do relevo de interior e de costa. Describe as características máis importantes da paisaxe de Galicia. |
| ○ Adquirir conciencia do ámbito familiar do que forma parte e dos valores que fundamentan a vida en familia, valorando a convivencia pacífica e tolerante. | ○ Explica a organización familiar, escolar e local e identifica algunhas das funcións que desenvolven os seus membros. |
| ○ Identificar e nomear os elementos que forman a localidade, describir as súas función e coñecer a súa organización social incorporando as normas cidadás de convivencia. | ○ Describe o traballo que desenvolven as persoas que nos rodean e a importancia deste para a sociedade no seu conxunto. |

| | |
|---|---|
| ○ Describir municipio e comprender a estrutura básica dos concellos, coñecendo os servizos municipais como a súa organización e as funcións das persoas que o integran. | ○ Enumera as características dos distintos tipos de localidades: aldea, vila e cidade, diferenciando entre poboación rural e urbana. Identifica, describe e compara distintos tipos de barrios. Identifica e nomea os elementos que forman a localidade e describe as súas funcións. |
| ○ Identificar as manifestacións culturais populares que conviven no contorno, recoñecer a súa evolución no tempo e valoralas como elementos de cohesión social. | ○ Identifica e describe os principais monumentos da súa localidade e mostra unha actitude de respecto cara a eles. |
| ○ Respectar o cumprimento das normas básicas como peóns e usuarios de transportes e doutros servizos, recoñecendo o medio físico da localidade en relación co tráfico e desenvolvendo hábitos de conciencia cidadá referidos á circulación. | ○ Valora a necesidade de coidar os elementos da súa localidade para uso e goce de todos. Coñece e respecta as normas básicas de seguridade viaria e utilízaas como peón e como usuario dos medios de transporte. Valora a importancia que ten o respecto das normas e sinais de tráfico e coñece o significado das máis comúns. Describe a organización social da localidade identificando e respectando as normas cidadás de convivencia e as bases sobre as que se fundamentan. |
| ○ Explicar as diferenzas entre os produtos naturais e os produtos elaborados, identificando as actividades que se | ○ Identifica e define produto natural e produto elaborado e asócians |

| | |
|---|---|
| realizan para obtelos. | coas actividades nas que se obteñen.<br>○ Identifica diferentes produtos elaborados, relaciónaos cos naturais de procedencia e coa actividade na que foron producidos. Nomea e identifica profesións relacionadas coa obtención de produtos naturais. Define artesanía, nomea distintos tipos e asóciaos cos produtos que elaboran e cos oficios artesáns. |
| ○ Identificar as actividades dos sectores produtivos, os seus principais tipos e as persoas que interveñen nelas. | ○ Identifica e define industria, os seus tipos, asóciaos cos produtos que elaboran e nomea algunhas das súas profesións. Nomea profesións do sector dos servizos e asóciaos correctamente co seu sector e coa actividade que realizan. |

| 1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles LENGUA | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ○ Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica. | ○ Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. |
| ○ Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe. | ○ Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. |
| ○ Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). | ○ Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe. |
| ○ Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura. | ○ Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. |
| ○ Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | ○ Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. |
| ○ Usar de xeito guiado programas informáticos de procesamento de textos. | ○ Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos. |
| ○ Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ○ Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado… |
| ○ Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, | ○ Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, |

| | |
|---|---|
| apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | morfosintaxe. |
| ○ Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos. | ○ Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.<br>○ Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas. |
| ○ Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados. | ○ Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). |
| ○ Escribir diferentes tipos de textos seguindo un guión . | ○ Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido. |
| ○ Distinguir sílabas tónicas e átonas. | ○ Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. |
| ○ Coñecer e discriminar en textos verbos (pasado , presente e futuro). | ○ Identifica as formas verbais. |
| ○ Identificar oracións e distinguir nela o suxeito e o predicado, así como os seus núcleos. | ○ Identifica quen realiza a acción do verbo como suxeito dunha oración e o verbo como núcleo predicado. |
| ○ Valorar a literatura en española, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | ○ Valora a literatura en calquera lingua española como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MATEMÁTICAS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ○ Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ○ Razoa e usa estratexias na resolución de problemas. |
| ○ Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións. | ○ Emprega medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe, analizando a información relevante. |
| ○ Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | ○ Le, escribe, compara e ordena números de ata cinco cifras de maior a menor, e viceversa e escribe eses números a partir da súa descomposición segundo o seu valor posicional. |
| ○ Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | ○ Coloca en vertical e calcula o resultado dunha suma, resta, multiplicación e división. Calcula mentalmente series para chegar á memorización das táboas de multiplicar. |
| ○ Identificar, resolver problemas da vida cotiá, axeitados o seu | ○ Resolve problemas correctamente aplicando as operación básicas |

| | |
|---|---|
| nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valor a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | mencionadas anteriormente. |
| ○ Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo. | ○ Coñece as diferentes medidas de peso, capacidade e tempo e as súas equivalencias e sabe aplicalas a situacións da vida cotiá. |
| ○ Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo a resolución de problemas. | ○ Usa as unidades de medida habituais e sabe convertelas noutras da mesma magnitude sendo que de explicar o paso e aplicándoo a problemas. |
| ○ Coñecer as unidades de medida de tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | ○ Coñece e emprega a medida de tempo resolvendo problemas cotidiáns. |
| ○ Coñecer o valor das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | ○ Coñece o valor do diñeiro e sabe empregalo adecuadamente. |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles LINGUA GALEGA | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ○ Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica. | ○ Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. |
| ○ Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe. | ○ Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe. |
| ○ Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ○ Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. |
| ○ Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). | ○ Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe. |
| ○ Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido. | ○ Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. |
| ○ Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión | ○ Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, |

| | |
|---|---|
| do texto. | xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. |
| ○ Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | ○ Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. |
| ○ Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ○ Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe. |
| ○ Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas. | ○ Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación. |
| ○ Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos. | ○ Identifica nun texto substantivos e adxectivos, palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras, usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas. |
| ○ Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ○ Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. |
| ○ Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados. | ○ É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro. |

| | |
|---|---|
| ○ Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. | ○ Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. |
| ○ Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | ○ Valora a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. |

| 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles NATURAIS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ○ Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados. | ○ De xeito guiado busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, saca conclusións, comunica a súa experiencia, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícao, oralmente e por escrito. |
| ○ Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. | ○ Observa, identifica e explica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. Identifica as causas dos principais trastornos alimentarios e recoñece hábitos saudables para a súa prevención. |
| ○ Diferenciar actividades que prexudican e que favorecen a saúde e o desenvolvemento equilibrado da personalidade, como a inxestión de determinados alimentos. | ○ Identifica e describe prácticas para previr e detectar riscos para a saúde. |
| ○ Coñecer e valorar estilos de vida adecuados á súa idade e constitución identificando a etapa na que está e coñecendo as características. | ○ Observa e identifica os cambios nas diferentes etapas da vida, e describe as súas principais características. |

| | |
|---|---|
| ○ Identificar e clasificar animais e plantas, segundo criterios científicos, constatando a existencia de vida en condicións extremas. | ○ Observa directamente seres vivos, con instrumentos apropiados e a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos, recolle información e utilízaa na identificación e clasificación dos animais e das plantas. |
| ○ Coñecer criterios científicos e utilizalos para clasificar seres vivos, tales como o seu réxime alimentario, a súa forma de reproducirse ou a súa morfoloxía. | ○ Coñece e explica as funcións de nutrición, relación e reprodución dos animais. Clasifica e describe animais e plantas en relación coas funcións vitais. |
| ○ Recoñecer unha especie coa axuda de claves ou pautas sinxelas. | ○ Observa directa e indirectamente, recoñece e explica as características básicas e clasifica, animais vertebrados e invertebrados. Aves, mamíferos, réptiles, peixes e anfibios. |
| ○ Coñecer a existencia da variedade de formas de vida, sabendo que o ciclo vital de cada un dos seres vivos ten características que o fan diferente dos demais. | ○ Entende que cada ser vivo é único segundo as súas características propias. |

| 1. **Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Coñecendo de antemán como foi o curso ata o 13 de marzo, damos por coñecido o punto de partida para o 3º trimestre, da competencia curricular de cada alumno; e avaliación seguirá a ser unha avaliación continua, entendendo que o presente trimestre terá un valor positivo ou de recuperación de contidos non aprobados nos trimestres previos ; e ao remate haberá unha avaliación final, que nos permitirá comprobar o grado de consecución dos obxectivos propostos e dos mínimos esixibles no primeiro semestre do curso e nas ampliacións dos contidos obxecto de estudo en dito semestre. |
| | Instrumentos: Para levar a cabo o proceso avaliador, imos valernos dunha serie de técnicas e instrumentos de avaliación. Concretamente, imos empregar a técnica da observación sistemática tanto directa como indirecta, a revisión de tarefas. De xeito máis específico, hai que subliñar que dentro da primeira técnica, faremos uso das seguintes ferramentas : Videoconferencias cos alumnos de forma individual ou grupal, para o seguimento do proceso de Ensino-Aprendizaxe. No que respecta á segunda técnica, cabe aludir á análise de producións e tarefas cotiás dos/as escolares que presentarán a través da plataforma dixital en formato escrito ou oral . |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Será a media dos dous primeiros trimestres máis a subida aplicable, de ser o caso, polo traballo desenvolvido no 3º trimestre, ata un máximo de 1 punto. |

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Fichas, Vídeos, Xogos educativos online, actividades dixitais. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado fai as mesmas tarefas, os que non teñen acceso ou non están conectados á plataforma recibe as tarefas en formato impreso nos seus domicilios. |
| **Materiais e recursos** | Fichas de creación propia, materiais das editoriais coas que o colexio traballa, actividades genial.ly, e actividades creadas coa plataforma Classdojo. |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Faise uso de Abalar, Classdojo, Whatsapp , messenger e webex Cisco |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web e no facebook do centro e a diario nas plataformas educativas empregadas en 3º EP. |